

As Neves aposta pola revitalización do Mercado

O Concello renova as instalacións e organiza un curso de *coworking*

Avanzando no plan de posta en valor e revitalización do Mercado Municipal, o goberno local anuncia a vindeira finalización das obras de mellora do edificio que se executaron durante as últimas semanas.

Con estas obras quedarán restaurados catro espazos que se pretenden ocupar con emprendedores e emprendedoras que precisen un establecemento no que desenvolver unha actividade económica ou social. Para facilitalo e impulsar ademais o comercio local e a creación de autoemprego, realizarase tamén un curso gratuíto de *coworking*.

O curso, que terá lugar nos vindeiros días 12 e 13 de novembro en horario de 11:00 a 19:00 h, é aberto a toda a poboación das Neves e da comarca, e está especialmente dirixido a persoas interesadas no emprendemento no rural, no negocio *on-line*, no *marketing*, no *coworking*, en facer medrar o seu negocio ou en crear un. Dado que as prazas son limitadas, para asistir é preciso inscribirse enviando unha mensaxe ao enderezo electrónico clemosmartinez@hotmail.com ata o 10 de novembro.

Iniciativas coma estas facilitan a creación de emprego e fan máis atractivo o comercio local, accións que, recalca o alcalde: “son unha prioridade para nós dende que chegamos ao goberno, un chanzo máis para dinamizar o concello e reverter a tendencia de perda de poboación que vimos padecendo nas últimas décadas”.